



COMPETICIÓN DE RUTA



1. CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN RUTA

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organizará en A Coruña, o Campionato de Galicia de Marcha en Ruta o Domingo día 14 de febreiro do 2010.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2009/10) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes doutras CCAA..
3. Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse na web da F.G.A. mediante sistema online como data límite o mércores 10 de febreiro.

Art.4) Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5). Os tres primeiros atletas clasificados (Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Junior, Promesa, Absoluto e Veteran) recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo da cerimonia. Caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.6) Os atletas deberán empregarlo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art.7) Horario e distancias do Campionato:

11:00 horas	Alevín-infantil	Homes e Mulleres	3 Km
11:30 horas	Cadete	Homes e Mulleres	5 km
	Promesa-Senior	Homes	20 Km
12:10 horas	Benxamín	Homes e Mulleres	2 Km
12:30 horas	Xuvenil-Junior-veteranos	Homes e mulleres	10 km
	Promesa-Senior-	Mulleres	10 Km

Art.8) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F. As características do circuíto serán enviadas con antelación suficiente á competición.

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por



COMPETICIÓN DE RUTA



- escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

2. CAMPIONATO GALEGO DE MEDIA MARATON

Art.1) Comunicarase con sufecinte antelación a celebración, lugar e data da disputa dos Campionato Galego de Media Maratón.

Art.2) Poderán tomar parte no mesmo os atletas, Homes e Mulleres, das categorías junior, promesa, señor e veterán, sempre que estén en posesión da licenza federativa para a actual Tempada. Asemade admitirase a participación de atletas que non pertezan á F.G.A., si ben o farán fora de concurso a tódolos efectos do campionato Galego.

Art.3) Dentro do campionato establecerase paralelamente unha clasificación individual, segundo a categoría respectiva, e outra por Clubes, na categoría absoluta.

Art.4) Clasificación por clubes: sumaranse os tempos dos tres primeiros clasificados de cada equipo, independentemente da súa categoría.

Computaranse os tempos obtidos polos atletas millor clasificados de cada equipo

Art.5) O Campionato celebrarase sobre a distancia de 21,097 Km., establecéndose contróis de tempo e avituallamentos nos puntos quilométricos 5, 10 e 15 do percorrido

Art.6) As inscricións dos atletas federados enviaranse á traves da paxina web da Federación Galega de Atletismo como data límite o martes anterior á compición.

Art.7) Entregaranse medallas ós tres primeiros clasificados en cada unha das categorías oficiais do campionato. Na categoría de veterans considerarase as diferentes categorías de idades .

Art.8) O plano, horario e características do circuito serán facilitados pola organización.



COMPETICIÓN DE RUTA



3. CAMPIONATO GALEGO DE MARATON

Art. 1) Comunicarase con sufecinte antelación a celebración, lugar e data da disputa dos Campionato Galego de Maratón.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2009/2010) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Categorías:

Poderán tomar parte no mesmo os atletas, homes e mulleres, das categorías junior, promesa, senior e veterán, sempre que estén en posesión da licencia federativa para a actual tempada. Asemade admitirase a participación de atletas que non pertezan á F.G.A., si ben o farán fora de concurso a tódolos efectos do Campionato Galego

Art.3) As inscricións realizaranse na F.G.A. por via FAX, nº: 981-29 20 56 ou por email no correo gestion@fgatletismo.com a data límite comunicarase na normativa específica do campionato.

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados nas distintas categorías (junior, promesa, absoluto e veteráns) recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizalo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible.

Art.7) Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, o no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.



COMPETICIÓN DE RUTA



4. CAMPIONATO GALEGO DE 10.000 METROS

Art.1) Comunicarase con sufecinte antelación a celebración, lugar e data da disputa dos Campionato Galego de Media Maratón.

Art.2) Poderán tomar parte no mesmo os atletas, Homes e Mulleres, das categorías junior, promesa, señor e veterán, sempre que estén en posesión da licencia federativa para a actual Tempada. Asemade admitirase a participación de atletas que non pertezan á F.G.A., si ben o farán fora de concurso a tódolos efectos do campionato Galego.

Art.6) As inscricións dos atletas federados enviaranse á traves da paxina web da Federación Galega de Atletismo como data límite o martes anterior á compitição.

Art.7) Entregaranse medallas ós tres primeiros clasificados en cada unha das categorías oficiais do campionato. Na categoría de veterans considerarase as diferentes categorías de idades .

Art.8) O plano, horario e características do circuito serán facilitados pola organización.